

## **MANIFESTO DO CONCELLO DE LUGO NO 8 DE MARZO “DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES” DE 2016**

Conmemoramos o 8 de marzo de 2016 como Día Internacional das Mulleres, aínda que como todos os anos, con luces e sombras.

Dende o ámbito sociolaboral das mulleres, a situación segue a ser extraordinariamente precaria: maior segregación ocupacional, desemprego, crecente fenda salarial, persistencia do teito de cristal, déficits en conciliación e corresponsabilidade, etc. A reforma laboral precarizou aínda máis a vida das mulleres, co aumento da feminización da pobreza.

Así o amosan os datos do ano 2015:

- Os contratos temporais acadaron o 91,2 % do total, mentres que os contratos indefinidos, a tempo completo apenas acadaron o 4,66 %.
- O permanente aumento de persoas desempregadas, das que 2.218.273 son mulleres, o que constitúe o 53,44 % do paro rexistrado.
- A taxa de actividade das mulleres é de 53,7 % e a taxa de emprego do 41,05%, o que representa unha fenda respecto aos homes do 12 e 11 puntos respectivamente.
- A diferenza entre o salario medio anual de mulleres e homes, segundo a última Enquisa de Estrutura Salarial, foi de 6.160 €, o que representa que o salario medio feminino foi o 76% do masculino.
- Incrementábase o número de mulleres con xornada a tempo parcial, no total do emprego que pasan do 22,9 % en 2011 ao 25,6%, máis de dous puntos trala reforma laboral.

Asistimos a unha serie de políticas de recortes que supoñen un grave déficit na aplicación efectiva da Lei Orgánica 3/2007 para a igualdade efectiva de mulleres e homes, a Lei Orgánica 1/2004 de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, a Lei 30/2003 de impacto de xénero e Lei 39/2006 de Dependencia, entre outras.

### **POR ISO ESIXIMOS:**

- **Que se garanta a igualdade de mulleres e homes no acceso, mantemento e promoción do emprego, coa aprobación dunha Lei de igualdade salarial que elimine a fenda (24% de diferenza entre as retribucións dos homes e das mulleres que se eleva ata o 38% nas pensións).**

- **Un sistema coeducativo que garanta a igualdade entre os sexos en todos os niveis e que incorpore os intereses, coñecementos e historia das mulleres no currículo.**
- **Que se garanta a liberdade de elección das mulleres sobre a súa maternidade, e recoñecer e respectar os dereitos sexuais e reprodutivos.**
- **A elaboración dunha Lei Integral contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual. A forte demanda de servizos sexuais, especialmente no noso país, mantén a explotación das mulleres, que son pobres e migrantes, na súa inmensa maioría.**
- **Mellorar a resposta institucional para a atención, protección e seguridade efectiva das mulleres vítimas da violencia de xénero, mediante a efectiva colaboración, coordinación e implicación do conxunto das Administracións Públicas, organismos e actores e a axentes sociais implicados na prevención e erradicación desta lacra social.**
- **Por último, reivindicar hoxe, máis que nunca, o feminismo. Foron moitos os intentos de eliminar a consistencia ideolóxica e de tradición política e intelectual do feminismo, así como a súa longuísima loita social.**

**Lugo, 8 de marzo de 2016**